

BANDO INFORMATIVO

ABASTECIMIENTO DA AUGA MUNICIPAL

D. José Ramón Romero García, alcalde-presidente do Concello de Boiro.

FAI SABER

PRIMEIRO. Que nalgúns núcleos de poboación estanse sucedendo faltas de presión no abastecemento de Auga consecuencia do nivel de auga que presentan algún dos depósitos municipais en determinados horarios.

SEGUNDO. Que a Xunta de Galicia ven de manter, o pasado día 06 de xullo, a declaración de "SECA PROLONGADA" en toda a Demarcación Galicia-Costa, ante os baixos caudais que presentan os ríos, que a día de hoxe están un 25% por debaixo do seu nivel medio para esta época do ano.

TERCEIRO.. Que consultados os servizos técnicos e empregados municipais, estímase que o baixo nivel dos depósitos e a falta de presión débese a un consumo excesivo por parte dalgúns veciños e veciñas derivado de baldeos, rego en xardíns e acometidas non autorizadas. Algunha de estas situacións veñen provocadas polas altas temperaturas que se están a sufrir, e que se espera continúen nos próximos días.

CUARTO . Que segundo establece o *Regulamento xeral do servizo municipal de subministración de auga potable do Concello de Boiro do ano 2013*, "**as acometidas non autorizadas e os usos da auga non establecidos no contrato ou prohibidos conlevarán a sanción correspondente**"

QUINTO. E por isto que rógase e recoméndase un uso responsable da auga municipal, **evitando o rego de xardíns ou fincas agrícolas e baldeos coa auga da traída municipal**. Así mesmo dende os departamentos municipais levarase a cabo nos próximos días un maior control si cabe da posible existencia de acometidas non autorizadas.

SEXTO. Con estas medidas téntase minimizar os efectos que a falta de auga pode provocar no abastecemento municipal. De persistir esta situación de seca e consumo non se descarta a necesidade do corte da subministración en determinados horarios.

Por un consumo responsable, progresamos respectando a natureza e o medio ambiente.

O que se fai público para o seu coñecemento e debido cumprimento

En Boiro, na data que consta ao marxe

José Ramón Romero García
Alcalde

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

